

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

| | |
|------------|---|
| EXPEDIENTE | 2024052487 |
| ASUNTO | Contrato específico para a Subministración de Equipos de Protección Individual para o persoal do Museo de Pontevedra no marco da categoría I do sistema dinámico de adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra (Expte. 2023051458) |
| TRÁMITE | Adxudicación do contrato específico |

A deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das facultades que ten atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, acordou aprobar o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra (Expte. 2023051458).

Con data 02/08/2024, o Deputado Delegado do Museo Provincial dita providencia pola que se propón iniciar a licitación do contrato específico de "*Subministración de Equipos de Protección Individual para o persoal do Museo de Pontevedra*", no marco da categoría I do sistema dinámico de adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Mediante Resolución Presidencial número 2024006709 de data 14/08/2024 convidouse ás empresas admitidas na categoría I neste sistema dinámico de adquisición, a presentar oferta na licitación deste contrato específico no prazo máximo de 10 días naturais contados a partir da data de envío da invitación a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra. Dita invitación foi realizado en data 19/08/2024, sendo o resultado o seguinte:

| EMPRESAS INVITADAS (Categoría I) | PRESENTA OFERTA | PREZO OFERTADO (SEN IVE) | TEMERARIA | PUNTUACIÓN |
|--|--------------------|--------------------------------|-----------|------------|
| Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474) | NON | - | - | - |
| Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988) | NON | - | - | - |
| Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820) | NON | - | - | - |
| Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043) | SÍ | 2098,94 € | NON | 89,625 |
| Rafitextil Dtt 3.8 S.L. (NIF: B14546980) | NON | - | - | - |
| Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539) | SÍ | 2169,25 € | NON | 75,462 |
| Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741) | NON | - | - | - |



| | | | | |
|--|-----|-----------|-----|--------|
| Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235) | SÍ | 2098,77 € | NON | 89,662 |
| Suministros Industriales Incomer S.L. (NIF: B87442570) | NON | - | - | - |

Tendo en conta o disposto no apartado 6 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares polo que se rexe este sistema dinámico a *Deputación adxudicará o contrato específico ao licitador que presentase a mellor oferta, de acordo cos criterios de adxudicación formulados na invitación.*

Resultando que en data 06/09/2024 pola Intervención infórmase favorablemente o expediente indicando que na aplicación 24/333.3330.221.04 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Considerando que os contratos específicos que se adxudiquen no marco do sistema dinámico de adquisición perfecciónanse coa súa adxudicación, non precisando formalización.

Que por Resolución da Presidencia número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, delegáronse na Deputada María Isabel Couselo Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra,

RESOLVO:

1.- Adxudicar á empresa Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235) o contrato específico (categoría I) de Subministración de Equipos de Protección Individual para o persoal do Museo de Pontevedra, conforme ao seguinte detalle:

| | |
|--------------------------------|------------|
| Importe sen o IVE: | 2098,77 € |
| IVE (21 %): | 440,74 € |
| Importe total ofertado: | 2.539,51 € |

Os prezos unitarios dos produtos a subministrar, unha vez aplicada a baixa ofertada pola empresa, son os seguintes:

SUBALTERNOS:

| TIPO DE VESTIARIO E CARACTERÍSTICAS | Nº UDS | PREZO UD. (sen IVE) |
|--|--------|------------------------|
| Guantes de seguridade elaborados en pel flor de vacún hidrofugados. Normativa: D 1407/1992 segundo normas UNE-EN 420 UNE-EN 388. Características similares ás da marca TAGRE ou similar. | 12 | 16,34 |



| | | |
|--|----|-------|
| <p>Guantes con protección anticorte elaborados en poliamida/ poliéster/ fibra de vidro e recubertos de poliuretano para traballos en seco e húmido con risco de corte. Máxima resistencia á abrasión e ao desgarramento. Normativa: *DE 89/686/CEE segundo normas UNE-EN 420, UNE-EN 388 e UNE-EN 407. Características similares ás da marca CATTER 5 WX - 020- ou similar.</p> | 13 | 3,70 |
| <p>Mascarilla desbotable con válvula <i>Superone</i>, carcasa preformada e ríxida. Capa interior ultralixeira y ultrasuave. Sección superior preformada cerca do perfil nasal. Ponte nasal compatible con gafas e protectores. Válvula de exhalación de alto rendemento, con baixa resistencia á exhalación. Membrana de válvula protexida na parte frontal</p> | 3 | 1,31 |
| <p>Par de rodilleiras con cuberta exterior resistente obxectos afiadados, con coxín de silicona interior e cuberta exterior con diseño de tracción para permitir o movemento durante o traballo. Tiras elásticas para suxeición óptima. Características serán similares ás da marca PORTWEST KP30 ou similar.</p> | 4 | 10,22 |
| <p>Faixa elástica antilumbago con hombreira. Banda elástica lateral resistente e axeitado para regular o apoio lumbar sen necesidade de apertura da faixa. Cor negro. Características similares ás da marca WTT NB ou similar.</p> | 2 | 18,58 |
| <p>Tapóns auditivos reutilizables con alta protección para ambientes de moito ruído. Diseño para boa suxeición. Mango de suxeición, rebordes suaves e flexibles. Con estoxo para gardalos cando non estean en uso. características serán similares ás da marca MOLDEZ ROCKETS Cord. 6401 ou similar.</p> | 6 | 1,44 |
| <p>Traxe de aguas de poliuretano (material ultralixiero, flexible e stretch). Chaqueta con capucha oculta con banda elástica no pescozo con peche de velcro; ventilación en axilas e costas; cortaventos en mangas con axuste elástico, dous bolsillos na cintura con peche de velcro e axuste arredor da cintura con cordón. Pantalón con cintura elástica e peche de botóns ao redor dos nocellos. Características serán similares ás do MODELO RPDB ou similar.</p> | 2 | 9,86 |
| <p>Zapatos seguridade inverno. Norma EN ISO 20345:2011. Bota en pel Nobuck e tecido cordura en cor negro con forro de pescozo Coolmax con membrana Gore-tex impermeable e transpirable. Con punteira resistente 200j e compresión de 15kn. Sola antiesbaramento, resistente aos hidrocarburos e a cargas electroestáticas, absorción da enerxía no talón e</p> | 9 | 70,59 |



| | | |
|--|----|-------|
| plantilla resistente á perforación. Peche con cordóns e lingüeta. Características similares ás da marca FAL COSMOS TOP GORE TEX GTX600 ou similar. | | |
| Calzado de seguridade de verán (tipo zapatilla) altos e lixeiros. Norma EN ISO 20345:2011. Composición: parte superior de coiro de nobuck, punteira de aluminio antideslizantes, sola de poliuretano. Hidrófugos, antiarrugas e antideslizantes. Características similares ás da marca U-POWER INFINITY S3 CISRC ESD ref. RL10023 ou similar. | 10 | 74,92 |
| Botas de auga de seguridade de PVC, punteira reforzada, plantilla antiperforación de aceiro e interior de forro textil acrílico. Lixeiras e flexibles e contar cunha sola con estrías para mellorar o agarre e anti estaradiza, pestana traseira quita botas, protector estriado para os xeonllos e sola resistente aos aditivos do hormigón. Características similares ás da marca Foca Segur Oliva mod. 217 S5 ou similar. | 5 | 15,32 |

PERSOAL DE MANTEMENTO E MONTAXE:

| TIPO DE VESTIARIO E CARACTERÍSTICAS | Nº UDS | PREZO UD (sen IVE) |
|--|--------|-----------------------|
| Guantes de seguridade pel flor de vacún hidrofugados. Normativa: D 1407/1992 segundo normas UNE-EN 420 e UNE-EN 388. Características similares ás da marca TAGRE ou similar. | 1 | 16,34 |
| Caixa de guantes desbotables de vinilo transparentes, peso medio sen látex nin aceleradores e sen polvo con manga de reborde. Espesor: 0,06 mm. Axuste ambidiestro. Características similares ás da Ref. GS006X-A ou similar. | 1 | 3,82 |
| Mascarilla desbotable con válvula <i>Superone</i> , con carcasa preformada e rixida. Capa interior ultralixeiragera y ultrasuave. Sección superior preformada cerca do perfil nasal. Ponte nasal compatible con gafas e protectores. Válvula de exhalación de alto rendemento, con baixa resistencia á exhalación. Membrana de válvula protexida na parte frontal. Características similares ás da Ref. 3206 ou similar. | 1 | 1,31 |
| Par de rodilleiras con cuberta exterior resistente contra obxectos afiados. Coxín de silicona interior e cuberta exterior con deseño de tracción para permitir o movemento no traballo. Debe contar con tiras elásticas para óptima suxeición. Características serán similares ás da marca PORTWEST KP30 | 1 | 10,22 |



| | | |
|--|---|-------|
| ou similar. | | |
| Faixa elástica antilumbago con hombreiras. Sistema de banda elástica lateral resistente e axeitado para regular o apoio lumbar segundo a actividade a desenvolver e o esforzo que requira sen abrir a faixa. Cor negro. Características serán similares ás da marca WTT NB ou similar. | 2 | 18,58 |
| Pantalla con rexilla metálica con viseira de polipropileno e protección extra na zona da fronte. Medidas 203x304mm. Características similares ás da Ref. A25 ou similar. | 1 | 12,32 |
| Traxe de augas de poliuretano (material ultralixiero, flexible e stretch). Chaqueta con capucha oculta con banda elástica enrolada no pescozo con peche de velcro; ventilación en axilas e costas; cortaventos en mangas con axuste elástico, dous bolsillos na cintura con peche de velcro e axuste arredor da cintura con cordón. Pantalón debe ter cintura elástica e peche de botóns a presión ó redor dos nocellos. Características similares ás do MODELO RPDB ou similar. | 1 | 9,86 |
| Par de zapatos de seguridade baixos, lixeiros e cómodos, parte superior en coiro nubuck, punteira de aluminio, hidrófugo, antiarrugas, antideslizante e sola de poliuretano. Norma EN ISO 20345:2011. Características similares ás da marca KICK ESD S3 CI SRC U-POWER RL20023 ou similar. | 1 | 61,39 |
| Par de zapatos de seguridade con punteira de aluminio e sistema antipinchazos. Lixeiros e parte superior de alta resistencia á abrasión. Transpirables, peche con cordóns e fuelle de nylon acolchado. Alta adherencia, seguridade e estabilidade e aptos para entornos húmidos. Norma EN ISO 20345:2011. Características similares ás da marca U-POWER STRONG S3 SRC CI ESD ou similar. | 2 | 57,76 |
| Botas de auga de seguridade en PVC, punteira reforzada, plantilla antiperforación de aceiro e interior de forro textil acrílico. Lixeiras e flexibles e contar cunha sola con estrías para mellorar o agarre e anti estaradiza, pestana traseira quita botas, protector estriado para os xeonllos e sola resistente aos aditivos do hormigón. Características similares ás da marca Foca Secur Oliva mod. 217 S5 ou similar. | 1 | 15,32 |

O prazo de execución do contrato é de 2 meses desde o día seguinte ao da adxudicación do mesmo.

O prazo do contrato específico iníciase ao día seguinte ao da adxudicación do contrato.

O prazo de entrega dos diferentes pedidos é 1 mes contado dende o día seguinte á solicitude realizada polo Museo.



O lugar de entrega dos produtos será: Edificio Castelao do Museo de Pontevedra. Rúa Padre Amoedo, 3, 36002 Pontevedra. En horario de mañá.

2.- Dispoñer e comprometer o gasto por importe de 2.539,51 € con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.221.04 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

O pagamento do contrato realizarase contra a presentación da corresponde factura, unha vez conformada pola persoa responsable do contrato. A estes efectos, a subministración entregarase co correspondente albará no que se identificará claramente o tipo e a cantidade dos produtos entregados. O importe a pagar por cada produto entregado obterase aplicando a porcentaxe de baixada obtida, en función do prezo total ofertado pola empresa, aos prezos unitarios que se sinalan no anexo I do prego de prescricións técnicas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|----------------------|---------------|-------------------|-----------|
| Administración: | Lo2000036 (CIF: P3600000H) | | Núm. de exp.: | 2024052487 | |
| Órgano xestor: | LA0006116 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

(Documento asinado electrónicamente).

CONTRATACIÓN.- INTERVENCIÓN.-MUSEO PROVINCIAL- EMPRESAS INTERESADAS.-

